

Acordos da reunión da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental

M^a Carmen Palacios Oubiña, secretaria da Comisión Académica do Máster en Enxeñaría Ambiental, CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que a citada Comisión na sesión ordinaria celebrada o 15 de setembro de 2023 aprobou os seguintes puntos que se indican a continuación:

1. Aprobación, se procede, da autorización da ampliación do período de matrícula para as prazas vacantes.

Dada a incertidumbre causada principalmente polos estudantes estranxeiros de países que teñen problemas cos visados, así como dun número menor de estudantes que aínda non se incorporaron e dos que non temos novas, a matrícula definitiva pode oscilar entre 20 e 28 estudantes. Como queremos sobre todo evitar a situación de que a titulación quede por debaixo dos 20 matriculados, a **Comisión decide por unanimidade prorrogar a matrícula ata o 5 de outubro de 2023.**

2. Aprobación, se procede, dunha solicitude de incorporación de novo profesorado.

A Comisión acepta por unanimidade a petición de Zulema Varela Río, do Depto. Bioloxía funcional, área de Ecoloxía, dandolle a benvinda a nova profesora para impartir 4 h de docencia interactiva de laboratorio na materia Ecotoxicoloxía (P 4013 204) do Máster en Enxeñaría Ambiental.

3. Aprobación, se procede, de peticións de profesorado para formar parte do corpo docente da materia TFM

Recibíronse as peticións dos profesores seguintes para poder participar como titores na materia TFM, así coma formar parte dos tribunais de avaliación:

Área de Enxeñaría Química

- Gemma Eibes, Investigadora RyC

Área de Edafoloxía e Química Agrícola:

- Álvaro Gil, TU

Un ano máis, a Comisión Académica agradece moi efusivamente esta peticións que aproba por unanimidade.

Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

Asinante/Firmante/Signer: MARIA DEL CARMEN PALACIOS OUBIÑA, NIF ***4718**, 18/09/2023 11:15:56.

CSV: B981-2CF6-441F-8BE0